Lingua tuyuca

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua tuyuca**[1] (tamén chamada **dochkafuara**, **tejuca**, **tuyuka**, **dojkapuara**, **doxká-poárá**, **doka-poara**, ou **tuiuca**) é unha lingua tucana oriental falada polo pobo tuyuca. Os tuyuca son un pobo indíxena composto por unhas 1000 persoas que habitan a carón dos ríos Papuri, Inambú e Tiquié, no departamento colombiano de Vaupés, así como no estado brasileiro de Amazonas.

Tuyuca	
Outros nomes:	Docapúaraye
Falado en:	Colombia e o Brasil
Rexións:	Amazonas
Total de falantes:	1 000 (1983–2006)
Familia:	Tucano Oriental Central Bara **Tuyuca**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`---`
ISO 639-3:	`tue (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=tue)`

Gramática

O tuyuca é unha lingua postposicional, aglutinante e de tipoloxía suxeito obxecto verbo.[2] Emprega cinco paradigmas de evidencialidade: visual, non visual, aparente, de segunda man, e asumido, aínda que a evidencialidade de segunda man só existe no tempo pasado e a aparente non aparece na primeira persoa en tempo presente.[3] Estímase que a lingua ten entre 50 e 140 clases de substantivos.[4]

Notas

1. "Agreement in tuyuca" (PDF). Arquivado dende o orixinal (pdf) o 09 de setembro de 2017. Consultado o 06 de abril de 2018.
2. "Evidentiality_and_Mirativity". Consultado o 5 de abril de 2018.
3. Janet Barnes (1984). "Evidentials in the Tuyuca verb." *International Journal of American Linguistics* **50**, pp. 255–71.
4. The Economist, ed. (17 de decembro de 2009). "Difficult Languages: Tongue Twisters - In search of the world’s hardest language". Consultado o 23 de decembro de 2009.